d) Data: terceiro día seguinte ó do remate do prazo de presentación de proposicións; se este día fose inhábil ou sábado, realizarase o seguinte día hábil.

e) Hora: 11 horas.

9. Gastos de anuncios: serán por conta dos adxudicatarios a rateo.

A Coruña, 12 de marzo de 2003.

P.D. (Resolución 30-3-1990)
Víctor M. Cabrera Sánchez
Xerente da Universidade da Coruña

## b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

## CONCELLO DE FOZ

*Anuncio.*

En cumprimento do disposto no artigo 86.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, faise público que por Decreto da Alcaldía do 7 de febreiro de 2003, se presentou a aprobación inicial ó estudio de detalle da rúa de nova apertura entre a rúa Atalaia e avda. de Sarria en Foz, redactado polo arquitecto Carlos Longarela Sanfiz e promovido por *Teodoro Moreda, S.L.*

Durante o prazo de 20 días contado a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, poderán presentarse as reclamacións ou alegacións que se coiden oportunas contra o devandito estudio de detalle, na secretaría municipal deste concello.

Foz, 7 de febreiro de 2003.

José María García Rivera
Alcalde

## CONCELLO DE RIBEIRA

*Anuncio.*

Faise público para xeral coñecemento que o Pleno da Corporación Municipal de Ribeira, en sesión que tivo lugar o día 17 de decembro de 2002, acordou por unanimidade e co quorum de maioría absoluta, aprobar definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira.

O acordo de aprobación, así como as ordenanzas do dito plan, aparecen publicadas no BOP nº 10, de data 14 de xaneiro de 2003.

Os recursos administrativos que caben contra este acordo veñen especificados na publicación á que antes se fixo mención, sendo a data incial para a súa interposición a do día seguinte ó da publicación deste anuncio.

De conformidade co disposto no artigo 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de protección do medio rural de Galicia, faise constar que, con data do 24 do corrente mes se formalizou remisión á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, da Xunta de Galicia, de dous exemplares do dito plan, co obxecto do determinado no parágrafo 5 do citado artigo.

Este plan xeral entrará en vigor unha vez transcorrido os quince días hábiles á que se refire o artigo 65.2º da Lei de bases de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril.

Ribeira, 5 de marzo de 2003.

Manuel Ruiz Rivas
Alcalde

*Anuncio para contratación de subministración.*

1. Entidade adxudicadora:

Organismo: Concello de Ribeira.

Dependencia tramitadora: Oficina Municipal de Contratación.

2. Obxecto do contrato:

Denominación da subministración: adquisición de xogos infantís para instalar nos colexios públicos e parques do concello de Ribeira.

Duración: un (1) mes.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

Forma: concurso.

Procedemento: aberto.

Tramitación: urxente.

4. Orzamento:

Prezo base de licitación: 93.310,40 euros (IVE incluído).

5. Garantías:

Provisional: 1.866,20 euros.

Definitiva: 4% do prezo en que resulte adxudicado o contrato.

6. Obtención de documentación e información:

Entidade: Concello de Ribeira.

Domicilio: praza do Concello, nº 1, Ribeira (A Coruña). C.P. 15960.

Teléfono: 981 83 54 17. Extensión 214.

Data límite: ata o día de finalización do prazo para presenta-las ofertas.

7. Requisitos do contratista:

Clasificación: non se esixe.